



Plan de Orientación Académica e Profesional e Plan de acción Titorial

8.1. Liñas Prioritarias de actuación:

8.1.1. Alumnado

Obxectivo 1: Favorecer a integración e participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Coñecemento do novo Centro	Actividades de acollida de novos alumnos	1ª Semana de curso	Equipo Directivo, Tutores
Formación en habilidades sociais	Xogos de roles	1º Trimestre	Titor e axentes externos
Formación na resolución de problemas e conflitos	Xogos cooperativos e de Dinámica de grupos	Todo o curso	Titor e axentes externos
Mellorar as relacións e o clima da aula e do Centro	Exercicios de autoreflexión persoal e debates sobre os resultados	Despois de cada avaliación	Titor
Recoñecer o Centro co-mo propio e como espacio de relación social			
	Debates	2º Trimestre	Titor
	Traballos en grupo sobre temas de relación social	2º Trimestre	Titor, profesores, D.O.
	Realización dunha revista	2º Trimestre	Profesor encargado e Xunta de Delegados
	Participación en actividades colectivas do Centro: deportivas, culturais, festivas, etc.	Ao longo do curso	Titor e profesorado
	Xornadas de portas abertas para os alumnos de primaria dos Centros adscritos	3º Trimestre	Dirección e Orientación
Criterios de Avaliación			
<ul style="list-style-type: none"> • Comprobar se realizaron nas titorías as actividades relativas a habilidades sociais, dinámica de grupos, e xogos cooperativos. • Valorar por parte dos tutores, profesorado e do Departamento de Orientación as consecuencias deste tipo de actividades nas actitudes e comportamento do alumnado. • Comprobar o número de traballos realizados e a súa repercusión nas actitudes e comportamentos. • Comprobar o número de actividades colectivas de centro realizadas, e a participación nelas por parte da Comunidade Educativa. • Enumerar as actividades de información e propaganda feitas, e valorar as súas repercusións no clima escolar. 			



Obxectivo 2: Facilitar que os alumnos controlen as técnicas de traballo intelectual básicas para un mellor desenvolvemento do seu proceso de ensino-aprendizaxe

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Control do tempo. Diarios e programacións	Facer un horario semanal e un diario para ver o seu grao de cumprimento	1º Trimestre	Titor e profesorado
Espazo e ambiente de estudo	Facer contratos de traballo e comprobar o seu cumprimento	Todo o curso	Profesorado e Titor
Comentario de textos	Debater sobre o espazo e ambiente de estudo	1º Trimestre	Titor
Resumo	Comentar textos periódicos ou do currículo	Todo o curso	
Subliñado e esquema	Ler un texto, facer un esquema e logo expoñelo na clase	Todo o curso	Titor
A lectura comprensiva	Facer lectura colectiva e verbalizar sobre o contido da mesma	Todo o curso	Titor, profesores
A expresión oral	Preparar un tema e expoñelo na clase. Debates, Forums, Mesas redondas, etc.	Todo o curso	Titor, profesores
A expresión escrita			Titor, profesores
Prevenção de Drogodependencias	Emprego de material diverso	Todo o curso	Titor e Axentes externos

Cráterios de Avaliación

- Enumerar as actividades realizadas ao longo do curso, e valorar a súa repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Comprobar en cada avaliación o número de actividades realizadas en cada área
- Enumerar as actividades realizadas nas titorías, e valorar a súa repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe.

Obxectivo 3: Facilitar a toma de decisión respecto ao seu futuro académico e profesional.

Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Estructura do Sistema Educativo	Información sobre as saídas académicas e pro-fesionais	Ao longo de todo o curso	X.D.O. e titor
Saídas educativas ao re-mate da ESO	Axuda para a toma de decisións a través da orientación psicopedagógicas e da información	Ao longo de todo o curso	Orientadora
Saídas profesionais ao remate da ESO	Formación para a busca de traballo e de relación coas administracións	2º e 3º trimestre	Orientadora e titor
Itinerarios do Bacharelato	Informar e formar sobre os diferentes organismos administrativos que axudan na formación e búsqueda de emprego	2º e 3º trimestre	Orientadora e titor
Familias profesionais	Aprender a utilizar as novas tecnoloxías para a búsqueda de información e como medio de traballo	Ao longo de todo o curso	Orientadora e titor



Ofertas de traballo	Celebrar charlas informativas sobre saídas laborais, para os alumnos por niveis	3º trimestre	Orientadora e Axentes Externos
	Visitar centros de traballo da zona	3º trimestre	Titor, Orientadora, Dptos. Didácticos
	Redacción de currículos para solicitar emprego	Ao longo de todo o curso	Titor e profesores
Criterios de Avaliación			
<ul style="list-style-type: none"> • Enumeración das actividades realizadas, valorando a participación do alumnado, e a implicación do profesorado • Avaliación por parte do alumnado das actividades realizadas • Valoración por parte das familias das actividades realizadas 			

8.1.2. Profesorado

Obxectivo 1: Informar e asesorar ao equipo docente sobre aspectos didácticos, metodolóxicos e de avaliación			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
A acción titorial	Coordinación das titorías	Nas reunións de titores	Orientadora e Xefe de Estudos
	Preparación de material para titorías	Nas reunións de titores	D.O. e Titores
A orientación académica e profesional	Implicar os profesores no proceso de madureza vocacional dos seus alumnos	Ao longo de todo o curso	Titor e Orientadora
	Proporcionar información aos titores sobre distintos itinerarios académicos e saídas profesionais	Ao longo de todo o curso	Orientadora
Consello Orientador	Elaboración do Consello Orientador	3º Trimestre	Orientadora e titores
Criterios de Avaliación			
<ul style="list-style-type: none"> • Enumerar as actividades realizadas, valorando a implicación do profesorado • Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino-aprendizaxe das actividades • Controlar as decisións tomadas nas sesións de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade • Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións • Seguimento das intervencións demandadas, analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados 			



8.1.3. Familias

Obxectivo 1: Contribuír a manter relacións de cooperación e participación entre as familias e o Centro			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Ideario do Centro	Información sobre os obxectivos anuais, materiais curriculares e avaliacións	1º trimestre	Director e Orientadora
Estructura e funcionamento do centro	Actividades extraescolares de cooperación coa APA	Ao longo do curso	Director e Orientadora
Proceso de ensino-aprendizaxe	O seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe a través das titorías	Ao longo do curso	Titores e Orientadora
Actividades extraescolares	Organizar actividades para mostrar os resultados dos traballos académicos: certames literarios, teatro, música, deportes, etc	Ao longo do curso	Vicedirectora e Titores
Contorno socioeconómico	Implicar as familias na información ao alumnado sobre o mundo laboral	2º e 3º trimestre	Director e Orientadora
Criterios de Avaliación			
• Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do Centro			
• Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado			
• Valoración das familias sobre as actividades realizadas			

Obxectivo 2: Implicar os pais nas actividades do Centro como membros da Comunidade Educativa a través da información académica e da formación familiar			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Estrutura do Sistema Educativo. A ESO	Xornada de acollida: Charla informativa sobre a ESO, para pais de 1º Curso	1º Trimestre	Titores e Orientadora
Información sobre saídas despois da ESO e do Bacharelato	Entrevistas individuais cando se requiran	Ao longo de todo o curso	Titores e Orientadora
Presentación do noso Centro	Xornadas de Portas Abertas	3º Trimestre	Director, Orientadora e Orientador do Centro Adscrito
Criterios de Avaliación			
• Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación do Centro e das familias			
• Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado			
• Valoración das familias sobre as actividades realizadas			



8.1.4. O Centro

Obxectivo 1: Axudar ao Equipo Directivo no seu labor de liderazgo pedagóxico e social			
Contidos	Actividades	Temporalización	Responsables
Información social e pro-paganda	Elaborar folletos para a difusión interna e externa do Plan Anual e das ofertas educativas	Ao longo do curso	Director, Orientadora
Ofertas Educativas	Consensuar as ofertas educativas na ESO e nos Bacharelatos	2º e 3º Trimestre	Director, Orientadora e Profesorado
Formación no Centro	Organizar xornadas informativas e formativas sobre distintas cuestións para o profesorado.	2º Trimestre	Director, Orientadora, Profesorado e Centro de Recursos
Criterios de Avaliación			
<ul style="list-style-type: none"> • Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado • Avaliación pública dos logros acadados en cada unha das actividades • Recollida de información valorativa do Claustro e Departamentos, sobre as actividades do Centro 			

8.2. Estratexias metodolóxicas

8.2.1. Criterios de actuación

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procúrase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto a toda a comunidade educativa coma aos servizos do contorno no que se inxire, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para conquistar isto, utilizaranse os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen.

Modelo de programas: utilizarase cando se observe unha necesidade ou non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse aos acontecementos e incidir no problema o máis axiña posible. A acción está encamiñada á prevención e o desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

1. Análise do contexto
2. Detectar as necesidades
3. Formular obxectivos
4. Planificar actividades
5. Realizar actividades
6. Avaliar o programa

Modelo de consulta

Utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo.



8.2.2. Temporalización

1. Serán actividades do primeiro trimestre:

- No apoio á acción tutorial:
 - Asesoramento aos titores na programación das actividades titoriais no marco do PAT (Plan Acción Tutorial).
 - Fixar co Xefe de Estudos reunións quincenais ou mensuais de titores
 - Asesoramento personalizado ou derivación de casos particulares
 - Asesoramento e apoio aos titores na convocatoria as familias ao principio de curso.

- Na orientación académica e profesional:
 - Elaboración do plan académico profesional anual para as distintas etapas educativas.

2. Serán actividades do segundo e terceiro trimestre:

- No apoio á acción tutorial:
 - Coordinación das titorías e soporte técnico, e facilitación de material aos titores.
 - Coordinación con distintos axentes externos (Cruz Vermella, Concello, ...) para impartir distintos programas nas titorías.

- Na orientación académica e profesional:
 - A través das titorías con actividades de autoconecemento, de coñecemento do mundo laboral, e das distintas posibilidades académicas.
 - No Departamento de Orientación coa información personalizada a alumnos con especiais dificultades.
 - Orientación cara á selectividade para os alumnos que rematan o Bacharelato.
 - Charlas informativas sobre a Universidade de Santiago.
 - Xornadas comarcais de orientación (Noia).
 - Atención personalizada do Departamento de Orientación aos pais dos alumnos.
 - Charlas informativas sobre saídas para 4º ESO.
 - Consello Orientador.
 - Xornada de Portas Abertas.



LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NAS TITORIAS AO LONGO DO CURSO, SEGUNDO O PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL E PLAN DE ACCIÓN TITORIAL RECOLLIDO NO PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO

1. Coñecemento e integración no grupo

- Mellora das relacións en aula e centro
- Coñecemento do centro e do seu funcionamento
- Formación na resolución de problemas e conflitos
- Educación en valores

2. Desenvolvemento persoal

- Educación emocional
- coñecemento de si mesmo, dos seus intereses e motivacións
- Autoestima
- Conducta asertiva
- Formación en habilidades sociais

3. Técnicas de traballo intelectual e técnicas de estudo

- Motivación
- Lugar e ambiente de estudo
- Planificación do estudo
- Técnicas: lectura, resúmenes, esquemas...
- Preparacións de exames/avaliacións

4. Tomas de decisións

- Información sobre o sistema educativo
- Información sobresaídas académicas e profesionais
- Utilización das novas tecnoloxías para a busca de información
- Coñecemento/aproximación ao mundo laboral

Temas a traballar nas titorías a través de actividades adaptadas ao nivel educativo dos alumnos, ás súas necesidades e intereses.

Para traballar estes aspectos tedes manuais de titoría na biblioteca. Ademais podedes solicitar material no DO.



4. CONCRECCIÓN POR TEMAS

1. Educación en valores

Somos persoas: dereitos e deberes.

Fomentemos valores como a igualdades e a non discriminación por raza, xénero capacidades...

Aprendamos a solucionar os conflitos de xeito non violento, co diálogo, a empatía...

Material: Carta dos Dereitos humanos.

Vivimos en Sociedade: Democracia, liberdades...

Material: Constitución

Moitas persoas no mundo non teñen dereitos básicos. **Sexamos Solidarios**

2. Desenvolvemento persoal

Adolescencia e problemas específicos: alcol, drogas, Enfermidades de transmisión sexual, SIDA, embarazos non desexados...

3. Estudio

Aprende a estudar con método:

- Lugar, organizar tempo...
- Estudiar con “boli” , ter os teus propios apuntes...
- Preparación dos exames.

4. Preparación para as tomas de decisións

Coñece as túas motivacións, intereses, capacidades.

Eleva as túas expectativas, fíxate metas, obxectivos.

Procura información sobre actividades profesionais e qué necesidades formativas requiren, en pais e amigos dos pais, os profesores, a orientadora, na biblioteca, en internet...

Infórmate das vías académicas:Universidade, Ciclos formativos, outros estudos superiores...

Para traballar estes aspectos tedes materiais e manuais de titoría na biblioteca. Ademais podedes solicitar material no DO.



SESIÓNS DE TRABALLO CON ALUMNOS

TEMA: ESTABLECEMENTO DE NORMAS

SESIÓN: 1

OBXECTIVO 1: Que os alumnos formulen normas de comportamento na aula e convivencia entre os compañeiros.

OBXECTIVO 2: Que participen no establecemento das normas e no seu cumprimento.

ACTIVIDADES:

1. En asemblea o titor propón:

a) Confeccionar: “As miñas normas” facilitadoras de convivencia. Para a elaboración das normas teremos en conta:

- ¿Sobre que necesitamos normas?
- ¿Que requisitos básicos deben cumprir?

b) Debemos ter normas sobre:

- O respecto aos compañeiros
- A puntualidade
- Os cambios de aula
- O uso das instalacións
- O coidado do edificio, material e mobiliario

c) Os obxectivos básicos que deben ter as normas son:

- garantir o respecto a todas as persoas que integran a comunidade escolar.
- Facer posible que as actividades do estudo poidan ter lugar.

2. Distribución de servizos e encargos: reparto de responsabilidades a cada un dos grupos.

3. Acordar como revisar periodicamente o seu cumprimento e revisión.

3. Colocar na clase carteis recordatorios das “nosas normas”



MATERIAL:

- a) Regulamento de réxime interno
- b) Dereitos e deberes dos alumnos
- c) Cartulina e rotuladores

SESIÓNS DE TRABALLO CON ALUMNOS

TEMA: ELECCIÓN DE DELEGADO

SESIÓN: 2

OBXECTIVO 1: Que os alumnos elixan un compañeiro como o seu representante na asemblea de delegados.

OBXECTIVO 2: Que o alumnado se decate da importancia da elección dun bo delegado. Que se responsabilice da súa elección.

OBXECTIVO 2: Que os alumnos aprendan a participar nun proceso democrático

ACTIVIDADES:

1. O titor explica brevemente a importancia que un delegado ten para o grupo:

- Será o portavoz dos problemas
- Representará aos compañeiros nos actos que sexa necesario (avaliacións, Xuntas de Delegados...).
- Debe actuar de intermediario entre o grupo e o titor, os profesores, a Xefatura de Estudos, Dirección...
- Debe asistir ás reunións de delegados e formará parte da Xunta de Delegados.
- Será o encargado de levar os problemas e suxerencias do grupo ante os profesores ou titor e mesmo ante o Consello escolar.

2. Tendo en conta estas funcións, pídelle os alumnos que fagan unha valoración en orde de importancia, das cualidades que debe reunir a persoa encargada de representar a toda a clase: (poden facelo en parellas ou grupos e comentar as diferencias)

- Capacidade de diálogo
- Sentido crítico
- Prudencia
- Respecto
- Comprensión dos problemas
- Seguridade en si mesmo
- Facilitade para a comunicación
- Bondade
- Espíritu negociador
- Sentido común



3. O titor lee en voz alta o procedemento de elección.

PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN:

- Proponse que se presenten candidaturas a Delegado.
- Deberá deixarse un tempo para que o grupo coñeza aos candidatos e as súas posturas.
- Establecer canto tempo e fixar a data electoral.
- De non haber candidaturas, tódolos alumnos serán elixibles.
- Constituirase unha mesa electoral integrada polo presidente (alumno máis vello), polo secretario (alumno máis novo), e por un vocal designado polo presidente.
- A elección farase mediante unha votación directa e secreta. Os alumnos escribirán o nome do seu candidato e a introducirán nunha urna.
- As papeletas con alcumes, ilexibles, incompletas etc. serán nulas.
- Quen acade o maior número de votos será o delegado, o seguinte o subdelegado e quedarán dous nomes máis en reserva.
- A acta onde queden reflectidos o nome dos candidatos e o número de votos acadados por cada un deles será asinada polo presidente e polo secretario e será entregada á Xefatura de Estudos.
- Admitiranse as renuncias xustificadas ante a Xefatura de Estudos.
- Unha copia da acta figurará nun lugar visible da clase por un período de unha semana.
- De non ser responsable o Delegado, o grupo poderá solicitar a súa dimisión e procederase a unha nova elección; mentres tanto, o Subdelegado ocupará o posto.

TEMPORALIZACIÓN

1. Todo o proceso levará entre 3 e 4 sesións de titoría.
2. O período máis apropiado para realizar esta elección é a primeira quincena de novembro, cando xa se coñecen entre eles o suficiente como para poder elixir a quen os represente.



ACTA DA ELECCIÓN DO/A DELEGADO/A DE GRUPO

CENTRO _____

CURSO _____ **GRUPO** _____ **Nº ALUMNOS/AS** _____

CANDIDATOS/AS:

Nº de votantes: _____

Candidatos/as:

Nº de votos

Delegado/a: _____

Subdelegado/a: _____

Asdo. Presidente

Asdo. Secretario/a



En Ribeira a _____ de _____ de 2009

PROBLEMAS DE CONDUCTA: PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN NA FAMILIA

- 1.- Os comportamentos están rexidos polas consecuencias que obteñen.
- 2.- Non hai fórmulas máxicas nin receitas para resolver os problemas pero si unha forma de actuación sistemática, científica, con técnicas eficaces.
- 3.- Os nenos necesitan para un bo desenvolvemento psicolóxico: **límites e normas**.

PAUTAS DE ACTUACIÓN DOS PAIS.

- Normas claras e coherentes, actitude serena e tranquila, atención e afecto.
- Ambiente familiar organizado, horarios para estudar, para cear e para deitarse
- Acostumar ós fillos a pedir permiso, respectar, dialogar e contar cos demais membros da familia. Asumir responsabilidades na familia acordes coa idade: facer recados, ordena-la habitación, poñe-la mesa,...
- Crear hábitos e rutinas na casa (duchase, secar a auga do chan e leva-la roupa para lavar); non razoar en exceso o que se lle manda, razónase unha vez e pídeselle que o faga.
- Non berrar cando se lle pide que faga algo, pero non llo fagamos por el.
- Poñer límites educativos claros, e axeitados ó que el pode facer.
- Compartir tempo de lecer en familia, deportes, monte, praia, pesca con cana paseos en coche ós domingos ou excursións organizadas: Coruña, Portugal etc., dan ocasión de convivir, coñecerse mellor, socializarse, coñecer outras persoas, culturas, e mellorar as relacións da familia.
- Crear hábitos de estudo; rutinas de traballo, acondicionar o cuarto de estudo, entrenar para que se acostume a traballar solo, prepara-la mochila para o día seguinte, premiar o adianto de materia de estudo e a conservación do material escolar.
- Unificación de pautas e normas entre os pais. Non delegar a autoridade no outro.
- Os premios deben estar relacionados coa conduta, deben ser inmediatos e non teñen porque ser materiais, prestarlle atención, falar con el, darlle mostras de afecto, pode ser mellor.
- Os castigos son unha sinal para que o rapaz se de conta que saltou un límite, deben ser inmediatos, estar relacionados e ser proporcionados coa conduta.
- Darlle confianza en si mesmo, resaltando os aspectos positivos da súa conduta e axudándolle a aceptar as súas limitacións.



- **Recordar por último que educar é un traballo e require un esforzo sobre todo nos primeiros anos para crear uns bos hábitos, pero ese esforzo terá unha compensación na felicidade propia e dos nosos fillos polo que sen dúbida merece a pena.**

COMO ACTUAR CANDO:

1. **Pide as cousas de mala forma:** Ignoralo, non facerlle caso ata que cambie de actitude, cando o pida correctamente préstaselle atención e si se pode acéptase.
2. **Falta ó respecto cando se sinte frustrado:** facerlle caso cando o fai de forma civilizada e levalo fora cando o faga de mala forma e non discuti-lo asunto.
3. **Chamáselle dez veces para cear e non vai ata que mamá berra:** chamalo dúas veces e se non ven, ir a buscalo ou poñerse a cear e cando chegue que cene aparte ou deixalo sen postre,...
4. **Non sabe que deberes ten que facer:** levar unha axenda ou caderno onde apunta os deberes supervisado polo titor e polos pais.
5. **Non prepara as cousas para o colexio:** crea-la rutina para facerllo mais fácil. Antes ou despois de cear terá un tempo para prepara-las cousas, un horario escolar colocado nun corcho na súa habitación serviralle para recordar si ten matemáticas, Educación física...
6. **Peléxase frecuentemente cos irmáns:** procurar que pasen menos tempo xuntos pero positivo. Reforzar a cooperación. Poñer normas básicas. Si pelexan por un xoguete, gardalo ata que se poñan de acordo. Si hai celos e se produce unha agresión, centrarse no agredido ignorando ó agresor. No caso de situación de celos non se lles obrigará a estar moito tempo xuntos. Educar e xogar na cooperación e non na competición.
7. **Non quere ir durmir:** Dende moi pequeno o neno debe durmir na súa cama e crearlle o costume de facelo sempre a mesma hora. Axúdalle que lle contemos un conto pequeno, ou que lle deixemos a unha lámpada tenue se ten medo da escuridade. (Non seguir contándolle contos se non durme nin deixar a luz acesa senón non durmirá nunca).

Estratexias que dan moi bo resultado:

-Tempo fóra: illar socialmente ó neno mentres a súa conducta non é aceptable, ex: cando ten unha rabieta, díselle con moita calma que mentres non se lle pase, vai estar no seu cuarto

-Racionalización previa: ex: imos a tal sitio ou a cear cuns amigos, ti xa non eres un rapaz pequeno (aínda que o sexa, é unha maneira de responsabilizalo) e debes portarte ben senón outro día non te levamos.

-Cumprimento dos castigos e premios: O que se lle promete, hai que cumprilo, por iso é preferible un castigo pequeno e inmediato, que non supoña prolongación no tempo nin castigo para os pais, ex: Se non te comportas, quedas sen postre, ou non vas a xogar mentres non ...